



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

ANUNCIO RESULTADO PROVISIONAL DO PROCESO ESTABILIZACIÓN POSTO DE TRABALLADORA SOCIAL (09.00.00.03)

Rematado polo Tribunal o estudo da documentación aportada no concurso de méritos do proceso de estabilización do posto de Traballadora social (09.00.00.03).

“ Antes de comezar o estudo da documentación presentada polos aspirantes ao concurso de méritos do proceso de estabilización do posto de auxiliar administrativo de servizos sociais, a base 9.2 no referente aos méritos profesionais é interpretado polo tribunal no sentido pretendido pola Lei 20/2021 de estabilizar postos de traballo, atendendo polo tanto as concretas funcións do posto de traballo a estabilizar, así como aplicando o criterio establecido no apartado relativo a Outros Méritos no que unicamente se valoran cursos relacionados directamente coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria (ademais dos considerados transversais).

Finalmente a base 9.2 é interpretada de acordo coa base 7º “As dúbidas ou incidencias que xurdan sobre a aplicación das normas das bases da convocatoria, serán resoltas polo Tribunal por maioría de votos das persoas asistentes á sesión, decidindo en caso de empate o voto da Presidencia.”

Á vista do indicado anteriormente o tribunal, por unanimidade dos seus membros, acorda como base os seguintes criterios para o estudo da documentación aportada:

Para os méritos terase en conta:

- 1.- *Certificado de servizos prestados pola Administración correspondente.*
- 2.- *A vida laboral e os contratos de traballo presentados, por si sos, non será valorada polo tribunal.*
- 3.- *A vida laboral unicamente será valorada en unión de copia do contrato de traballo que permita ao tribunal comprobar a coincidencia do período de tempo traballado así como o concreto posto de traballo desempeñado.*
- 4.- *O tempo de servizos prestados será computado por meses completos non acumula días soltos.*
- 5.- *Valorarase os cursos realizados nas Administracións Públicas relacionados co contido da praza a estabilizar.*
- 6.- *Valoraranse os cursos que se refiran á adquisición de competencias, habilidades e actitudes transversais: prevención riscos laborais, igualdade e non discriminación, violencia de xénero, traballo en equipo, protección de datos, transparencia, calidade dos servizos e ofimática*





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Á vista do anterior o Tribunal procede á publicación do resultado provisional quedando como segue:

Nº	Aspirantes	DNI	CELGA	Méritos profesional	Outros Méritos (Cursos)	Titulación superior á esixida	Total
01	DEL RÍO PASTORIZA, ANA	***9927**	SI	90	10	0,1	100
02	GÓMEZ DEL RÍO, MARÍA	***3076**	SI	48,8	10	0	58,8
03	PAZOS LOJO, ANA	***2252**	SI	61,6	10	0	71,6
04	PÉREZ MILLOS, CARLA	***7631**	SI	4	10	0	14

Logo do anterior, en aplicación das bases do procedemento do proceso de estabilización de emprego, concedese un prazo de **10 días hábiles a partires do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Bueu e na páxina web do Concello de Bueu** para presentar as reclamacións ou alegacións oportunas.

Por último, comunícase aos aspirantes que horario de rexistro de atención ao público do Concello de Bueu é de 8:30 a 13:30 horas de luns a venres.

Rematado o prazo de alegacións e de non presentarse ningunha reclamación ou alegación considerarase elevado a definitivo a valoración dos méritos do proceso de estabilización do posto de Traballadora social (09.00.00.03).

O secretario titular do tribunal

